



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía de
Arousa
Rúa Entrante nº7
36600 Vilagarcía de Arousa
Telf.: 986 566 440

PLAN ANUAL DE LECTURA

LINGUAS NAS ONDAS

BIBLIOTECA EOI VILAGARCÍA DE AROUSA

CURSO 2023/2024





Contidos

Xustificación e contextualización.....	3
Obxectivos.....	3
Organización de espazos e tempos.....	4
Liñas de actuación prioritarias para o curso 2023-2024.....	5
Rutinas de lectura.....	7
Recursos humanos.....	7
Actividades.....	7
Seguimento e avaliación.....	10



Xustificación e contextualización

A EOI de Vilagarcía ven de desenvolver o seu terceiro ano de proxecto PLAMBE que pretendía dar continuidade ás liñas iniciadas anteriormente ao tempo que implementaba un proceso de transformación profunda do concepto de biblioteca.

Para iso avanzou no proceso de integrar a toda a comunidade educativa nunha transformación metodolóxica que incrementase o traballo autónomo e colaborativo do alumnado, a expansión da escola máis aló dos seus muros e a inclusión de todos os colectivos da contorna en procesos participativos arredor deste servizo.

Este proxecto que leva dende hai dous cursos o título de "Linguas nas ondas", e continúa este ano a súa onda expansiva.

Compre sinalar que a final do curso 2022-2023 o servizo de Biblioteca impulsou o Plan Lector de Centro, a desenvolver durante o curso 2023-2024 por parte da comunidade educativa, coordinado pola persoa responsable da Biblioteca Escolar. Así, resulta importante indicar que este Plan Anual de Lectura, no que se integran as liñas de acción prioritarias para o curso 2023-2024, herdeiras das liñas anteriores desde o curso 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023, xorde á marxe da existencia dun plan lector consolidado, cuxa elaboración se agarda finalizada para xuño de 2024. Así, é posible que as liñas prioritarias muden de cara ao curso 2024-2025.

Obxectivos

Os obxectivos principais, despois de tres cursos en Plambe nos que se consolidaron os cambios máis importantes experimentados por esta biblioteca nos últimos anos, pretenden agora que a expansión das ondas comecen un camiño de maior percorrido. Queremos revisar o noso contexto de novo, para poder realizar unha análise da situación de partida que sexa realista e estea fundamentada. Por iso, as nosas liñas prioritarias pasarán por continuar coa mirada expansiva coa iniciamos a andaina de transformación, pero tamén, integrarán unha mirada interna, para que asentemos as nosas bases normativas e aseguremos así que os cambios e avances creados nestes tres últimos cursos se manteñen no tempo e se consolidan de cara ao medio-longo prazo.

Con estas premisas en mente, os nosos obxectivos a continuación detallados esperan dar resposta ás necesidades detectadas durante este curso 2022-2023:

1. Ondas alén: Continuar co proceso de dar autonomía ao alumnado: que participe dende a súa lingua e dende calquera outra, que colabore coas persoas do seu curso e con calquera outra da escola e que as ondas da EOI cheguen moi lonxe e nos leven adiante como comunidade educativa, da man dos proxectos autónomos de alumnado (Tupper, Exóticas e Café de Pota) e dos proxectos de aula.
2. Ondas dixitais: Consolidar o papel da Biblioteca como centro de recursos dixitais e de alfabetización mediática, mediante a publicación dixital das producións libres ou dirixidas do alumnado (de aula, de centro, de proxectos ou dous seus grupos



- autónomos), produtos procedentes de proxectos de escola, de produtos de colaboracións con outras entidades, espazos culturais e institucións.
3. Ondas formadoras: Manter as propostas de formación ao profesorado e ao alumnado mediante os diferentes programas que pon a disposición á Consellería en materia de Bibliotecas escolares (Koha, Radio na Biblio) e tamén a través da colaboración co CFR de Pontevedra para volver a ofrecer uña liña de PFPP en recursos TIC e TAC relacionados coa mellora da Biblioteca.
 4. Ondas lectoras: Flexibilizar o acceso á lectura, aos fondos e aos empréstitos, coa consolidación dos cambios físicos no espazo de lectura (lectura (apertura dos andeis, modificación da altura, retirada de portas e fechos, ubicación), e da entrada en Koha pretendemos abordar: facilitar o autoempréstito, empréstito de aula a través dos carros de lectura, continuación de hemeroteca na cafetería, consolidación e expansión do punto de intercambio de libros, e do punto de lectura informal no primeiro andar. O autoempréstito facilitará que o programa de lecturas de verán sexa desenvolvido con maior flexibilidade e máis garantías da conservación dos fondos).
 5. Ondas concéntricas: Revisar o noso contexto para asentar as bases normativas mediante a análise exhaustiva do contexto do centro en materia de lectura e escritura e alfabetización mediática, e do papel da Biblioteca, para poder elaborar o Plan Lector de Centro, como marco normativo que permita que os avances acadados se consoliden a medio-longo prazo.

Organización de espazos e tempos

Ao remate deste terceiro curso temos acadado cambios relevantes que condicionan a folla de ruta a seguir a partir de agora. Así xa consolidadas as diferentes intervencións nos espazos pertencentes á biblioteca, pretendemos mellorar tan só:

- **Sala de lectura**

Neste espazo atópanse os fondos emprestables fundamentalmente de tipo literario, material de aula, reforzo, práctica, películas e audio. Este espazo será de uso autónomo, voluntario e libre por parte de todos os membros da comunidade educativa. Por outra banda, poderá ser reservado para celebrar actividades varias de lectura organizadas por calquera dos órganos e servizos do centro (EDLG, Biblioteca, Departamentos etc.)

- **Lectura informal e hemerotecas da cafetería e do hall**

Establecéronse no segundo ano Plambe os espazos de lectura informal, punto de bookcrossing e hemeroteca (na cafetería e no hall da EOI). Ampliaremos información sobre o uso do bookcrossing para aumentar o seu impacto e faremos un segundo intento de compra dun estante máis axeitado. Alén diso, integrámonos en Elbe2, plataforma de empréstito electrónico de fondos bibliográficos de Bibliotecas Escolares, para facilitar a lectura electrónica e flexible dende os dispositivos dispoñibles no centro e os propios do alumnado. A día de hoxe Elbe2 conta con moi poucos fondos en linguas meta da nosa EOI, polo que as accións formativas para profesorado e alumnado relacionadas con este recurso quedarán pendentes dos cambios que se produzan no seu catálogo. Este espazo será de uso autónomo, voluntario e libre por parte de todos os membros da comunidade educativa.



- **Obradoiro da biblioteca**

Este espazo de recente creación equipouse con elementos acústicos no teito para reducir o eco e equipouse con mobiliario dinámico que facilita a interacción e a comunicación. Alén diso ampliáronse os fondos de material bibliográfico visual, de consulta e prensa, e xogos. Mercáronse tamén pizarras de tinta led para facilitar a interacción e o traballo colaborativo. Colocouse unha pizarra infinita, magnética e proxectable, alén dun proxector de última xeración que permite screen-cast dende os dispositivos do profesorado e un traballo interactivo libre e facilitador de creatividade.

Neste espazo atópanse os xogos, material manipulable e de inspiración creativa. Este material poderá ser reservado polo profesorado para o seu uso en aula en Supersaas ou no servizo de reservas correspondente.

- **Sala de radio e estudio de gravación audiovisual**

A radio desenvolveu a súa actividade en soporte dixital, mellorando moito a calidade, grazas á adquisición de equipamento con cargo ao premio obtido no concurso de podcasts "Radio na Biblio" 2021 convocado por Bibliotecas Escolares na categoría EOI e á formación que acompañou a súa instalación:

- mercamos unha mesa de mezclas Roadcaster, catro micros e cinco auriculares, máis o correspondente cableado
- pintamos unha parede en verde para gravacións croma e mercamos a maiores unha lona croma móbil para poder facer gravacións en calquera outro lugar do centro
- equipamos cun anel de luz led con mando a distancia

Nestes espazos haberá só material bibliográfico relacionado coa temática específica dos medios audiovisuais, como manuais ou instrucións. Continuaremos equipando con material de insonorización, oscurecemento e recursos de gravación audiovisual na medida que o orzamento o permita.

Durante o curso 2022-2023 fomos a única EOI que integrou o programa Radio na Biblio, e logramos unha dotación orzamentaria que nos permitiu mellorar o estudo de radio mediante integracións de novos elementos de audio e de insonorización do espazo, así como de formación ao alumnado interesado e voluntario da radio, e algún membro do profesorado integrado no grupo de dinamización da radio.

Liñas de actuación prioritarias para o curso 2023-2024

As liñas prioritarias de actuación neste curso estarán centradas arredor destes piares:

1. **Iniciar a redacción do Plan Lector de Centro** mediante a elaboración dunha enquisa específica que permita acadar os datos necesarios para realizar unha análise realista da situación de partida da nosa Biblioteca e establecer obxectivos realistas.
2. **Valorar o mantemento ou modificación de obxectivos** de ano en ano, segundo a retroalimentación nas enquisas e na memoria final.
3. **Integrar claramente criterios de avaliación con indicadores de logro**, de maneira que na memoria se poidan valorar **acadados**, **non acadados**, **en proceso**. Por



exemplo: "aumentar o número de fondos de X a Y (ou nun %>"; "aumentar o número de empréstitos anuais"; "aumentar o número de programas emitidos na radio con respecto ao curso anterior"

4. **Potenciar o papel e as funcións dos diferentes membros da comunidade educativa en canto a recursos humanos.**
5. **Facer unha campaña inicial** en aulas nas primeiras semanas para que o profesorado reparta os carnés do alumnado pendentes de recoller desde o curso 2020-2021.
6. **Seguir traballando na integración da EOI no Elbe-2 e facilitar o seu coñecemento por parte da comunidade educativa.**
7. **Publicar folletos ou trípticos informativos sobre a Biblioteca:** espazos, localización e os seus usos (información publicada nas NOF), normas de empréstito, normas de atrasos, principais programas (Clubs de lectura, Radio na Biblio, Voluntariado), e outras actividades dinamizadoras.
8. **Potenciar o empréstito de fondos mediante.**
 - a) o **autoempréstito** segundo directrices de Bibliotecas Escolares
 - b) os **carros de lectura de aula** e as **biblio-recomendacións**
 - c) **mochilas viaxeiras** se foran de aplicación ás EEOOI
 - d) a **dinamización de lecturas na mesa central** da biblioteca
 - e) as actividades **culturais** de centro e de departamentos arredor da biblioteca,
 - f) a **integración das lecturas nas secuenciacións de aula e proxectos de colaboración.**
9. **Continuar na mellora das instalacións:**
 - a) ver co Equipo Directivo, e a Xefatura de Recursos TIC, a **posibilidade de instalar 3 ou 4 ordenadores na sala de lectura da Biblioteca**, para completar os 3 que existen no obradoiro, de maneira que se unha sala está ocupada para actividades docentes, o alumnado poida ter acceso á rede.
 - b) continuar co **etiquetado CDU e etiquetado inclusivo** dos espazos da biblioteca.
 - c) ver co Equipo Directivo, e a Xefatura de Recursos TIC, a **posibilidade de mercar pistolas de lectura de códigos para o empréstito e catalogación desde os departamentos e sala de profesorado (8 pistolas)**
10. **Continuar na mellora dos fondos:**
 - a) **aumentar a oferta de libro electrónico**
 - b) **aumentar a oferta de fondos adaptados a diferentes necesidades específicas de aprendizaxe**
 - c) **seguir xestionando o feixe de códigos que quedaron do traspaso de Meiga a Koha.**
 - d) **monitorizar o punto de lectura informal do primeiro andar (pode que queden tejuelos antigos de Meiga)**
 - e) **seguir xestionando incidencias de fondos ou usuarias que quedaran do 2022-2023.**
11. **Continuar na ampliación das colaboracións existentes (con outras Bibliotecas (Municipal), outras EOI, centros de ensino da contorna) e potenciar novas.**
12. **Seguir ofertando unha liña de PFPP na mellora da biblioteca (ie. Integrada coa liña dixital como no curso 2022-2023, ou non dependendo das opcións do plan de formación propostas polo ED).**



Rutinas de lectura

Para poder establecer unha serie de directrices anuais neste sentido, cómpre en primeiro lugar analizar cales son as rutinas e hábitos de lectura das persoas que integran a comunidade educativa. Así, propónse desde o servizo, que de cara ao mes de outubro de 2023, se elabore e mande unha enquisa propia da Biblioteca que inclúa, ademais dos datos indicados no esquema do Plan Lector de Centro, outros tales como rutinas e hábitos lectores, entre outros que poidan ser de interese para poder realizar unha análise fundamentada e poder tamén elaborar unha serie de obxectivos de cara ao establecemento de directrices neste apartado.

De momento, podemos afirmar que o éxito que teñen os Clubs de lectura do programa da Biblioteca *Libros nas ondas*, serven *a priori* para potenciar estes hábitos lectores de parte do noso alumnado. Porén, os criterios de valoración neste sentido non son exhaustivos e polo tanto, sesgados.

Recursos humanos

Profesorado e equipo da Biblioteca

O profesorado do centro forma parte do equipo de Biblioteca. No curso 2022-2023 establecéronse unha serie de funcións detalladas segundo o perfil ou rol que cada docente ten co servizo, dependendo da súa dispoñibilidade horaria establecida coa Xefatura de Estudos. Así, se definiron as funcións de:

- Profesorado con "B (Plambe)" no seu horario e Xefaturas de Departamento sen redución horaria
- Profesorado con "B (Garda)" no seu horario
- Persoa responsable da Biblioteca e persoa coordinadora do Plambe Curso 2022-23

Estas funcións irán incluídas no Plan Lector para cada ano académico, e se facilitarán á cada membro do claustro segundo o caso.

Voluntariado

Integrámonos de novo no programa de Bibliotecas Solidarias cun total este ano de 4 persoas voluntarias que estiveron realizando labores de atención ao sistema de empréstimo e devolución de fondos, mantemento da orde dos materiais dispoñibles, dinamización e participación nos grupos abertos de alumnado, así como facendo suxestións para a mellora da dinamización da biblioteca, da radio e das actividades de fomento da lectura

Actividades

- **Actividades de formación**
 - Dende a coordinación do servizo de biblioteca continuarase o traballo en colaboración coa xefatura de recursos TIC para seguir poñendo a disposición do claustro formacións e titoriais de elaboración propia ou doutras fontes autorizadas e referencias, sobre o uso de **ferramentas da nube para a creación, almacenamento e publicación** de produtos de alumnado a través do curso As TIC para Profes, aloxado na aula virtual do centro, onde se matricula a todo



profesorado da escola. Nesta formación farase fincapé no curso 2023-2024 especialmente en KOHA e Elbe2, así coma nas ferramentas dixitais e físicas dispoñibles tanto na Radio coma no Obradoiro da biblioteca.

- Do mesmo xeito avanza de novo no curso aberto de formación TIC para alumnado (alfabetización dixital), centrado no uso das ferramentas institucionais propias do centro e nestas novas ferramentas para a biblioteca.
- De igual xeito mantense de novo unha oferta formativa interna, arredor dunha liña de PFPP vinculada á biblioteca, tal e como recomenda a Asesoría de Bibliotecas escolares, en xestión de bibliotecas e estratexias e aplicacións na rede para o traballo colaborativo en destrezas tanto orais coma escritas e alfabetización mediática e informacional.
- Finalmente, se o servizo e o claustro o ve relevante, intentarase integrar de novo o programa Radio na Biblio, para obter unha dotación orzamentaria que permita, tanto a mellora do espazo do estudo de radio, como a celebración de obradoiros de formación ao alumnado.

- **Actividades de dinamización**

A baixa participación rexistrada nos dous últimos anos nas actividades culturais en xeral e da biblioteca en concreto fixo preciso un cambio de estratexia. Así, desde o equipo de culturais do centro, que a Biblioteca integra, plantexouse un documento "Proposta organización culturais 2022-2023" no que se marcan as liñas de acción xerais para focalizar os esforzos do claustro na preparación e dinamización dos servizos. Así, a biblioteca reduce significativamente a súa proposta de actividades propias, coa intención de integrarse e valer como ferramenta da organización das actividades departamentais e do EDLG. Neste documento se indica que as actividades do 24 de outubro, 13 de febreiro e 23 de abril serán promovidas pola Biblioteca, coa colaboración esperada dos departamentos didácticos. A Biblioteca avanzará progresivamente cara a consolidación como centro vertebrador das actividades culturais dos departamentos (ver Proxecto lector e Plambe). Pode ser necesario valorar a conveniencia de celebrar todas, dúas ou unha, segundo o ano.

Alén das directrices establecidas na proposta de organización de culturais, a biblioteca fará un esforzo por integrar a toda entidade e institución da contorna arouzana na actividade da EOI, retomando a colaboración actual coa Biblioteca municipal de Vilagarcía de Arousa, e ampliando a bibliotecas dos IES e CEIPs da comarca e máis aló, continuando coa colaboración iniciada neste curso co IES San Clemente e coa conexión con outras EOIs de Galicia e de todo o Estado español.

Así, a principios de curso no mes de setembro, para a primeira reunión de culturais, o servizo de biblioteca deberá ter pensadas e/ou organizadas as actividades a desenvolver.

- Retomaremos a **Gymkhana bibliotecaria**, na que tamén se aprenderá a manexar o novo motor de buscas no catálogo. Celebrarase ao inicio de aulas como actividade de apertura á biblioteca e cohesión grupal, e convidando a participar nela a todo o alumnado de centros de secundaria da contorna.



- Farase un novo intento de reactivación do **grupo de teatro** arousán, que se comunicará co público nas diferentes linguas meta da EOI, se os departamentos didácticos o consideran oportuno. Preténdese conectar esta proposta coa realización creación de teatro radiofónico e / ou unha radionovela de emisión regular en Radio Maré, continuando coas linguas nas ondas.
- Continuaremos cos **programas xestionados por alumnado Tupper e Exóticas, así como co obradoiro de creatividade Café de Pota**. Procuraremos de novo a creación dunha Radionovela en Radio Maré interlingüística e interdepartamental, con participación voluntaria dende a perspectiva docente de integración curricular e libre dende a autonomía do alumnado que promove esta proposta. Tentarase incorporar alumnado novo a estas iniciativas.
- **Proxectos eTwinning**: continuaremos a promover a participación en proxectos eTwinning, favorecendo o vencello deles coa lectura a e a Biblioteca.
- Celebraremos só estas **efemérides con actividades** relacionadas coa creatividade literaria e audiovisual:
 - Día da Biblioteca (24 outubro): xornada de portas abertas → promoción en prensa, asociacións, bibliotecas públicas da contorna para que os seus usuarios nos visiten. Poderán ser guiados polas persoas voluntarias. Podería facerse tamén un vídeo explicativo guiando as visitas virtualmente polo centro. Facilitarase a xincana bibliotecaria para aquel profesorado de grupos A1 (novos no centro) que queiran levala a cabo.
 - Día da Radio (13 febreiro): actividade cedida aos grupos de alumnado activos na radio ou ao grupo de profesorado que escollera a dinamización da radio.
 - Día do Libro (23 abril): cita a cegas con un libro → proposta de empréstito a cegas. Concertarase cos membros do equipo se debemos facelo interdepartamental ou intradepartamental. A experiencia das mochilas viaxeiras vencellada á xincana do curso 21/22 deu bo resultado, mesturando un libro en lingua meta propia do departamento cunha obra en galego (promocinado tamén dende o EDLG). Esta podería ser unha alternativa.
 - Outras efemérides contarán cunha publicación na web e/ou RRSS da biblioteca dunha publicación de Canva ou algunha foto dalgún fondo relacionado. Tamén, coa dinamización da mesa central mediante a escolla de lecturas relacionadas coa efeméride en cuestión (por exemplo. Día da poesía, Día das escritoras...)
- **Bookcrossing** ou intercambio de lecturas: contará cun panel explicativo máis detallado e continuará afianzándose no centro
- Continuará a proposta de **clubes de lectura** en horario extraescolar e animarase a proposta deste tipo de actividade en todos os departamentos e para diferentes niveis de competencia lingüística, facilitando a conexión deles con proxectos eTwinning. Favorecerase a integración das lecturas na realidade curricular das diferentes linguas (p.ex. levando lecturas breves do clube á aula do nivel correspondente), co obxectivo de garantir a participación e a continuidade das propostas.
- Mantemos abertos para os departamentos os servizos de mochilas viaxeiras (agora rexistrable en KOHA) con diario de lectura, así como as caixas de



recomendacións literarias para empréstito en aula (que tamén pode ser formalizado dende o mesmo computador de clase en KOHA)

- Manteremos as Biblio-recomendacións de aula mediante os carros de lectura. Intentaremos crear un calendario soamente para as Bibliorecomendacións, (GCalendar da Biblioteca, ou físico) de maneira que o claustro saiba que nivel toca cada semana.

- **Actividades para a inclusión**

Dende o Servizo de Biblioteca e Recursos e tras ter vivido a experiencia insólita da pandemia do COVID propónse de novo o empréstito de dispositivos (portátiles, tablets) en caso de ser preciso de novo para períodos nos que a EOI non sexa accesible (vacacións, pandemias) ou en situacións privadas nas que o alumnado non poida acceder, por razóns de saúde, económicas ou de fenda tecnolóxica. Este último caso dependerá sempre da necesidade de uso dos dispositivos no propio centro e da súa dispoñibilidade para cesión. Así facilitaremos o acceso á biblioteca dixital Elbe2, de Bibliotecas Escolares, dende o noso servizo.

A integración en Elbe2 xorde tamén como medida inclusiva, para casos nos que a mobilidade, visión, capacidades cognitivas dificulten a lectura e / ou a comprensión lectora. A biblioteca ofertará tamén, como xa se referiu, formación específica en alfabetización mediática e dixital do alumnado, concretamente en ferramentas electrónicas institucionais de interacción coa escola (moodle, webex, BigBlueButton, centrosnet) para facilitar o seguimento das aprendizaxes en todo momento e situación.

Seguimento e avaliación

- **Criterios de avaliación do funcionamento da biblioteca**

Estes criterios poden consultarse na memoria do ano anterior para ver se se acadaron ou non. Trala elaboración do Plan Lector de Centro, pode ser interesante valorar que criterios se inclúen en cada Plan Anual de Lectura e como se explicitan.

- Maior número de empréstitos e devolucións de fondos
- Menor número de incidencias procedentes de erros de catalogación
- Número de descargas dos materiais transmedia propostos (emisións de radio, publicacións dixitalas)
- Número de persoas do alumnado participantes nas actividades
- Número de persoas do profesorado participantes nas actividades
- Valoración cualitativa reflectida nas enquisas de avaliación da EOI
- As ferramentas de avaliación que se utilizarán serán os rexistros, do rexistro de incidencias e as enquisas creadas ad hoc para avaliar tanto o servizo coma as actividades culturais.
- Número de programas emitidos na radio
- Número de programas emitidos na televisión



- Índice de ocupación dos diferentes espazos da biblioteca
- **Ferramentas e momentos de avaliación**
 - Suxestións inseridas polo alumnado na caixa de suxestións ao longo do o curso
 - Suxestións proporcionadas polas persoas representantes do alumnado nas Xornadas de Intercambio de Persoas Delegadas
 - Suxestións proporcionadas polos membros do equipo Plambe nas diferentes reunións trimestrais que se celebren
 - Resultados extraídos da enquisa de funcionamento do centro, que conta cunha sección específica para a biblioteca ou cunha edición exclusiva, de ser preciso, e que se executará ao remate do curso académico
 - Estatísticas extraídas da ferramenta de catalogación en uso ao remate do curso académico